

RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2015, ENTRE AS 10 E AS 11.45 HORAS.

Asisten o Xefe Territorial, o Inspector Xefe, o Secretario e representantes de CIG, CCOO, STEG, FETE-UXT e ANPE. Non asiste CSIF.

A **Orde do Día** foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 27/5, 17/6 e 1/7.

Apróbase a acta de 17/6.

Déixanse pendentes para a vindeira xuntanza as de 27/5 e 1/7.

2. Negociación de vacantes.

Repásanse unha por unha todas as vacantes que quedaran pendentes de resolver para setembro e engádense por parte de CIG e FETE-UGT algunhas demandas a maiores.

O Xefe Territorial e o Inspector Xefe van respostando cada vacante demandada por cada organización sindical (vainas enumerando o Presidente da Xunta de Persoal).

Prodúcese debate sobre unha certa porción das demandas, tanto pola alta cantidade de vacantes de AL e de PT que deben finalmente compartir 2 ou máis centros como por casos concretos en que a actitude inicial da Administración é a de non conceder exactamente o que demanda o centro, como son os do IES Luís Seoane (2º PT), o colexio Pío Cabanillas de Dozón, o CEP de Sequelo (Marín), o colexio de Souto-Donas, o de Torre Illa de Arousa, o Carlos Casares de Nigrán, a EI da Modia (Cambados), o colexio de Sanmartiño de Pontevedra, o de Randufe (Tui), o de Pontesampaio, o Príncipe Felipe de Pontevedra, o colexio da Escardia (Vilagarcía), o de Igrexa-Chapela, o Suárez Marquier da Guarda, o CEIP do Hío (Cangas) e o CRA Raíña Aragonta, de Salceda de Caselas. Nestes casos, o XT comprometeuse a darlle unha volta máis de estudo ás peticións. O Inspector Xefe procurará achegar un documento á Xunta de Persoal co ditame sobre as vacantes reclamadas antes do día de comezo do curso escolar en Ed. Primaria.

A Xunta de Persoal elaborará ao remate desta xuntanza un estado con información sobre o estado de todas e cada unha das vacantes demandadas hoxe, que será enviado a todos os centros para a súa información.

Márcase para o mércores 23 unha nova reunión entre a Permanente da Xunta de Persoal e o Xefe Territorial.

3. Rolda de intervencións.

FETE-UGT formula pregunta sobre a perda de Secretaría polo CEIP As Bizocas, de Ogrove, ao ter só seis unidades; sobre as obras no colexio Froebel, en Pontevedra; e sobre a posibilidade de desdobres na EEI O Grupo, de Marín e no CEIP Praza de Barcelos, de Pontevedra.

Pregúntaselle tamén ao XT pola orde de avaliación de Primaria, que segue sen publicarse, e o XT resposta que non pode dicir nada ao respecto. O Inspector Xefe sinala que o CEFORE vai ofertar no presente curso 2015/16 charlas aos centros que o soliciten sobre as programacións LOMCE.

O Xefe Territorial informa de varias sancións impostas a algúns traballadores do ensino como consecuencia dos correspondentes expedientes disciplinarios: a M.J.C.T., suspensión de 2 meses de emprego e soldo; a D.B.G., suspensión de 4 meses máis 1 mes de suspensións de funcións e a M.J.C.P., 10 días de suspensión de emprego e soldo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a reunión sendo as 11.45 horas.